

Adam Zagajewski: poemas escollidos (*Asimetría*, 2017)


Bartosz Dondelewski¹; Lidia López Teixeiro²

Adam Zagajewski, nacido en Lviv, na actual Ucraína, o 21 de xuño de 1945, é poeta, novelista e ensaísta polaco, graduado en filosofía e psicoloxía pola Universidade Iaguelónica de Cracovia. Alén de personaxes como Czesław Miłosz, Zbigniew Herbert, Tadeusz Różewicz o Wisława Szymborska, Adam Zagajewski é considerado un dos líricos que máis impacto tiveron na literatura polaca da segunda metade do século XX.

Membro da chamada Xeración 68 ou a Nova Ola, formada despois das protestas anti-comunistas de marzo do 68 e decembro do 70 por autores que decidiron crear unha literatura politicamente comprometida, Zagajewski creou dous dos lemas do grupo: *Powiedz prawdę* (Di a verdade) e *Mów wprost* (Fala claro).

Despois da Segunda Guerra Mundial e o cambio das fronteiras, a súa familia foi expulsada e instalouse en Gliwice (Silesia). El mesmo, durante o réxime comunista, foi exiliado en Alemaña, París e EE.UU. Regresou a Cracovia só en 2002, onde reside actualmente. É coeditor da revista literaria *Zeszyty Literackie*, que se publica en París. Foi profesor na Universidade de Houston e actualmente traballa na Universidade de Chicago. En 2017 recibiu o premio Princesa de Asturias.

Para caracterizar a poesía de Zagajewski, servirémonos das palabras do seu tradutor ao castelán e ao catalán⁴:



Fonte³: Agencia Gazeta. Foto: Kuba Ociepa

La voz poética de Adam Zagajewski destaca por su serenidad, por su tono conversacional que en cualquier momento puede desembocar en un a súbita iluminación. Es una poesía epifánica, o si se me permite, llena de epifanías, en el mismo sentido no ya que tenemos en Joyce (y, antes de él, en la poesía romántica, principalmente en Wordsworth) sino también en el sentido y la función que le otorga Czesław Miłosz: “la epifanía interrumpe el fluir del tiempo cotidiano y se adentra como un momento privilegiado en el que se produce una comprensión más profunda, más esencial de la realidad contenida en las cosas o en las personas”. (Farré 2007: 18).

Su poesía está llena de abstracciones, y cuando aparece un referente (sea éste musical, filosófico, o geográfico) lo hace en función de símbolo. El poeta polaco presenta una hábil combinación de elementos extraídos directamente de la realidad

¹ Uniwersytet Pedagogiczny im. KEN w Krakowie.

Correo-e: b.dondelewski@gmail.com

² Correo-e: lidiarteixeiro@gmail.com

³ <https://wiadomosci.wp.pl/nagroda-leopolda-lucasa-dla-polskiego-pisarza-adama-zagajewskiego-6027385483900033a>.

⁴ Xavier Farré (2002): “Adam Zagajewski”, *Lateral* 94, p. 20; (2007): “Breves apuntes sobre la poesía de Adam Zagajewski”. *Revisiones* 3, pp. 17-31.

y los rodea de un halo de misterio, pues son capaces de convertirse en elementos claramente abstractos. En este aspecto radica la singularidad de su poesía, quizás la poesía que más se adapta a nuestros tiempos, alejada de abstrusas clasificaciones maniqueístas. A esta característica, central en su poesía, cabe añadir que detrás de algunos poemas se esconde una reflexión de carácter ético-moral, de esta manera construye el puente de unión que mencionábamos al principio. (Farré 2002: 20)

Os poemas escollidos a continuación forman parte do poemario *Asimetría* (2017), dado a coñecer en España a raíz do Premio Princesa de Asturias das letras que lle fora outorgado nese mesmo ano. Trátase dunha obra que podería encadrarse na chamada “poesía da experiencia”. A pesar da sinxeleza coa que poida rememorar diferentes intres da vida cotiá (un paseo en Nova Iorque, un paxaro que pasa voando a ras do mar, un mes de xullo atesourado na memoria...), o poeta consegue dotar cada lembranza dunha dimensión profunda do eu e máis do colectivo. Reviste o vivido de xeito íntimo con reflexións que rozan o filosófico, con referencias culturalistas e con imaxes moi visuais, creando unha poesía que, co seu ton solemne e forte, excede as fronteiras do íntimo e se fai universal. Dialoga con obxectos e personaxes (“Sandalias”, “Velas Brancas”, “Manet”, “O primo Hannes”), con efemérides (“Venecia, novembro”, “Verán do 95”), e traspón a súa caducidade, convérteas en vestixios patrimoniais dun tempo indefinido; inmortalízaas.

Para esta escolma escolléronse os poemas “Infancia”, “Maleta”, “A terra”, “Mar ao norte” e máis “Sabemos o que é a arte”. Preséntase en diferente orde a como figuran no libro orixinal mais cremos que con esta colocación manteñen certa coherencia temática á vez que dan boa conta do estilo e saber facer do escritor polaco.

Os dous primeiros, “Infancia” e “Maleta”, reescriben a inocencia do neno e o alleamento das orixes desde a mirada adulta. A infancia é o *locus amoenus* que lle foi arrebatado antes de saber o seu verdadeiro valor e o regreso ao paraíso perdido; o dereito a disfrutar da felicidade sinxela é unha demanda vehemente, apaixonada. “Maleta”, en cambio, é un texto paciente, case nihilista, onde a voz do poeta, contempla e narra desde a humildade a grandeza do mundo. O poeta é coma calquera outro, máis un, no medio da masa, pero a maleta que leva e o saber mirar fano único ante o camiño.

“A terra” é un breve poema que fala das acollidas e da experiencia da emigración. Sen querer caer no biografismo, parecía axeitado seleccionalo por canto poida ter que ver coa propia experiencia de Zagajewski e o seu exilio. A separación da terra natal preséntase como unha vivencia ferinte e carnal ao mesmo tempo que provoca desasosiego que a vida siga nas pequenas cousas, nas semellantes ás deixadas atrás, coma o carbón, e vaia apousando no tempo.

“Mar ao norte” e “Sabemos o que é a arte” son pezas de maior complexidade e abstracción. Poderían considerarse poemas epistemolóxicos, onde parece validarse a idea socrática do descoñecemento como coñecemento. No primeiro texto, isto faise confrontándoo co desalento de atopar, na experiencia de querer coñecer e do coñecido, o sufrimento e máis a ansia do insaciable. No poema “Sabemos o que é a arte” recoñecemos os efectos que a arte provoca en nós con sinxeleza, pero a medida que nos achegamos a ela, que pretendemos medila ou a precisamos vaise convertendo nun horizonte ao lonxe. Só se asume a imposibilidade de aprehender a súa magnitude cando nos decatamos, co poeta, do intanxible e inalcanzable que se volve fronte ás cousas mundanas.

Dzieciństwo

Give me my childhood again
John Burnside

Oddajcie mi moje dzieciństwo,
republikę gadatliwych wróbli,
niezmierzone puszcze pokrzyw
i nocny płacz nieśmiałego puszczyka.

Naszą ulicę pustą w niedzielę,
neogotycki czerwony kościół,
który nie sprzyjał mistykom,
łopiany szepczące po niemiecku

i spowiedź alkoholika
przed ołtarzem białej ściany,
i kamienie, i deszcz, i kałuże,
w których lśniło złoto.

Teraz już wiedziałbym na pewno
jak być dzieckiem, wiedziałbym
jak patrzeć na oszronione drzewa,
jak żyć nieruchomo.

Walizka

Rano Kraków był pochmurny, dymiły
[wzgórza.
W Monachium padał deszcz, Alpy niewidoczne
i ciężkie leżały w dolinach jak kamienie.

Dopiero w Atenach zobaczyłem słońce, które
sprawiło, że powietrze, całe powietrze,
cała ogromna flotylla powietrza,
zamieniło się w drżące złoto.

Jak mówią pisarze religijni: nagle
stałem się innym człowiekiem.

Jestem tylko turystą w widzialnym świecie,
jednym z tysiąca cieni, które
snują się w ogromnych halach lotnisk –

a za mną jak wierny pies jedzie na małych
[kółkach
moja zielona walizka.

Jestem tylko nieuważnym turystą,
ale kocham światło.

Infancia

Give me my childhood again
John Burnside

Devolvédeme a miña infancia,
a república dos pardais charlatáns,
as selvas infinitas das ortigas
e o tímido chorar da avelaiona.

A nosa rúa baleira en domingo,
a igrexa neogótica vermella
que non favorecía os místicos,
os apegóns bisbando en alemán

e a confesión do alcohólico
ante o altar dunha parede branca,
e as pedras, e a choiva, e as pozas
onde relucía o ouro.

Agora xa sabería con certeza
como ser un neno, sabería
como ollar as árbores xeadas,
como vivir inmóbil.

Maleta

Cracovia amencía nubrada, os outeiros
[botaban fume.
En Múnich chovía, uns Alpes invisibles
e pesados xacían nos vales como pedras.

Só en Atenas vin o sol, que
fixo o ar, todo o ar,
toda a armada imensa do ar,
volverse en ouro vibrante.

Os escritores relixiosos dirían: de súpeto
convertínme noutra persoa.

Son apenas un turista no mundo visible,
unha das mil sombras que
vagan polas naves xigantes dos aeroportos –

e detrás de min, como un can fiel, vai con
[rodas pequenas
a miña maleta verde.

Son apenas un turista distraído,
pero amo a luz.

Ziemia

Jedni mówili po polsku, inni po niemiecku,
tylko płacz był kosmopolityczny.
Rany nie goiły się, długo pamiętały.
Węgiel błyszczał jak zawsze.

Nikt nie chciał umierać, ale życie było
[trudniejsze].
Było dużo obcości; obcość milczała

Przyjechaliśmy jak turyści, z walizkami –
zostaliśmy dłużej.

Nie należeliśmy do tej ziemi,
ale wspaniałomyślnie przyjęła nas –
przyjęła was oboje.

Północne morze

*Taka właśnie jest w naszych wyobrazeniach wiedza:
ciemna, słona, klarowna, wciąż w ruchu,
dogłębnie swobodna...*
Elizabeth Bishop, tłum. Stanisław Barańczak

A może tylko udawaliśmy, że nic nie wiemy.
Może tak było łatwiej, wobec ogromu
[doświadczenia],
wobec cierpień (cudzych cierpień na ogół).
Może było w tym nawet trochę lenistwa
i odrobina nonszalancji. Może
[myśleliśmy]:
lepiej być dalekim epigonem Sokratesa
niż przyznać, że coś jednak wiemy.
Może na długich spacerach, kiedy ukazywała
[się]
ziemia i drzewa, kiedy zaczynaliśmy coś
[rozumieć],
baliśmy się naszej odwagi.
Może nasza wiedza jest gorzka, zbyt
[gorzka],
jak szare zimne fale północnego morza,
które pochłonęło już tyle okrętów
ale wciąż jest głodne.

A terra

Uns falaban en polaco, outros en alemán,
só o pranto era cosmopolita.
As feridas non curaban, lembrábanse moito.
O carbón relucía coma sempre.

Ninguén quería morrer, pero a vida era
[máis difícil].
Había moita distancia; a distancia calaba.

Viñemos como os turistas, con maletas –
quedámonos máis tempo.

Non pertenciamos a esta terra,
pero recibíunos xenerosamente –
recibiuvos ós dous.

Mar ao norte

*It is like what we imagine knowledge to be:
dark, salt, clear, moving,
utterly free...*
Elizabeth Bishop

E talvez só finxiamos que non sabemos nada.
Talvez era máis fácil, ante a inmensidade
[da experiencia],
ante os sufrimentos (normalmente os alleos).
Talvez había un pouco de preguiza
e un anaco de desaprehensión. Talvez
[pensabamos]:
mellor ser un epígono distante de Sócrates
que admitir que si sabemos algo.
Talvez nas camiñadas longas, cando
[aparecía]
a terra e as árbores, cando comenzabamos a
[entender algo],
tiñamos medo da nosa coraxe.
Talvez o noso coñecemento é amargo,
[demasiado amargo],
como as ondas gris dun mar ao norte,
que tragou xa tantos navíos
pero aínda ten fame.

Wiemy, czym jest sztuka

Wiemy, czym jest sztuka, dobrze znamy
 [uczucie szczęścia
 jakie nam daje, niekiedy trudne, gorzkie,
 [gorzko-słodkie,
 a czasem tylko słodkie, jak turecki smakołyk.
 [Cenimy sztukę
 bo chcielibyśmy wiedzieć, czym jest nasze
 [życie.
 Żyjemy, ale nie zawsze wiemy, co to
 [znaczy.
 Podróżujemy więc, albo po prostu otwieramy
 [w domu książkę.

Pamiętamy moment olśnienia gdy staliśmy
 [przed obrazem,
 i pamiętamy też może, jakie obłoki płynęły
 [wtedy po niebie.
 Drżymy słysząc jak wiolonczelista gra
 suity Bacha, gdy słuchamy jak śpiewa
 [fortepian.
 Wiemy, czym może być wielka poezja,
 [wiersz
 napisany trzy tysiące lat temu albo wczoraj.

A jednak nie rozumiemy, dlaczego niekiedy
 [na koncercie
 ogarnia nas obojętność. Nie rozumiemy,
 [dlaczego
 niektóre książki zdają się ofiarowywać nam
 [przebaczenie
 a inne nie kryją swego gniewu. Wiemy, a
 [potem zapominamy.
 Z trudem tylko domyślamy się, dlaczego
 [zdarza się, że dzieła sztuki
 zwijają się, zamykają jak włoskie muzeum w
 [dniu strajku (sciopero).

Dlaczego także nasze dusze zwijają się
 [niekiedy i zamykają
 jak włoskie muzeum w dniu strajku
 [(sciopero).
 Dlaczego sztuka milczy, gdy dzieją się rzeczy
 [straszliwe,
 dlaczego jej wtedy nie potrzebujemy –
 [tak jakby rzeczy straszliwe
 wypełniały świat całkowicie, kompletnie, po
 [sam dach.
 Nie wiemy, czym jest sztuka.

Sabemos o que é a arte

Sabemos o que é a arte, coñecemos ben
 [a alegría
 que nos ofrece, ás veces difícil, amarga,
 [amarga-doce,
 ás veces só doce como unha lambetada turca.
 [Apreciamos a arte
 porque nos gustaría saber o que é a nosa
 [vida.
 Vivimos, pero non sempre sabemos o que
 [significa.
 Por iso viaxamos ou simplemente abrimos
 [un libro na casa.

Lembramos o momento de iluminación
 [cando estivemos diante dun cadro
 e pode que lembremos tamén que nubes
 [pasaban polo ceo naquel momento.
 Trememos escoitando como un violoncellista
 [toca
 as suites de Bach ou cando escoitamos como
 [canta o piano.
 Sabemos o que pode ser unha gran poesía,
 [un poema
 escrito hai tres mil anos ou onte.

No entanto, non entendemos por que, ás
 [veces, nun concerto,
 nos domina a indiferenza. Non entendemos
 [por que
 algúns libros parecen ofrecer perdón
 e outros non agochan a súa ira. Sabemos e
 [logo esquecemos.
 Apenas intuimos por que acontece que as
 [obras de arte
 se agochan como un museo italiano nun día
 [de folga (sciopero).

Por que ás veces se agochan tamén as nosas
 [almas e pechan
 como un museo italiano nun día de folga
 [(sciopero).
 Por que a arte cala cando pasan cousas
 [arrepiantes,
 por que nese momento non a precisamos –
 [como se as cousas arrepiantes
 enchesen o mundo completamente, até o
 [teito.
 Non sabemos o que é a arte.